



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



CONCELLO DE CEE

*“Da Xunqueira a San Estevo:
tralas pegadas dos nosos ancestros”*

SÁBADO 8 DE ABRIL DE 2017

Máis información na web: **cee.gal**



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



DATOS XERAIS DA ANDAINA

- Andaina lineal.
- Punto de saída: Paseo do Alcalde Don Pepe Sánchez (á altura das casetas) ás 10:00 horas. (Os buses deberán chegar arredor das 9:45 horas á zona indicada)
- Punto de chegada: campo da festa de Lires.
- Percorrido de 10,64 km que se completará aproximadamente en 3 horas (coa parada para o avituallamento incluída que se fará no Cruceiro de Cantorna).

DESCRIPCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICA

O roteiro ceense das *Andainas 2017*, con saída no Paseo Marítimo de Cee e chegada en Lires, discorre na súa primeira parte de seu percorrido polo antigo Camiño Real que desde Fisterra se dirixía á cidade da Coruña.

Sairemos da zona central dos xardíns do Paseo Marítimo, preto de onde estaba a antiga xunqueira onde a lenda sitúa a aparición da imaxe da Virxe que deu lugar na Baixa Idade Media á construción da igrexa de *Santa María de Junqueiras*, a cal aparece mencionada no *Liber Tenencie de Horro* redactado polo canónigo compostelán Gonzalvo Vázquez de Mandayo no ano 1438.

Esta igrexa estivo directamente vinculada á de San Estevo de Lires xa que esta última foi anexo da parroquia da Xunqueira durante máis de catrocentos anos en virtude do poder do arcediago de Trástmara, señor da vila ceense con potestade para nomear párroco e cobrar as rendas procedentes dos seus igrexarios, entre outras moitas atribucións.



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



Esta relación entre as dúas parroquias fixo que os nosos antepasados tiveran que facer en numerosas ocasións o mesmo camiño que percorreremos nós, sendo a máis famosa a ocasión nas que varias mozas levaron en cestos ata Lires unha parte importante dos libros parroquiais de Cee no mes de abril de 1809 cando tivo lugar a invasión napoleónica na nosa comarca. Grazas a isto, estes libros salvaronse da queima e podemos contar con moitos máis datos da nosa historia.

Despois de pasar polos lugares do Son e a Granxa dirixirémonos cara a zona na que se atopa o conxunto etnográfico dos muíños de Toba, que traballaban coa auga do *rego das Laxes*. Datan da época moderna e a súa importancia na economía do mundo rural era moi grande, xa que esta se asentaba na explotación da terra e do gando. A chegada do millo á nosa comarca, hacia 1630-40, xunto cun longo ciclo climático positivo para os cultivos, tivo como consecuencia un aumento considerable da poboación e relacionado con este a posta en cultivo de novas terras, tal e como se deduce polas escrituras de foros.

Nunha economía de subsistencia, onde o pan era o alimento básico, os muíños xogaron un papel fundamental. O que unha soa persoa tivera muíño propio era un auténtico luxo ao alcance duns poucos privilexiados (*muíños de maquia*), polo que o normal era que pertencera a varios labradores (*muíño de herdeiros*) que se turnaban por horas para usalo. Finalmente, hai que salientar que o muíño foi un lugar de encontro para as relacións entre os veciños dunha comunidade (*muíñadas*). Hoxe en día, as modificacións e cambios sufridos pola economía tradicional e a substitución destes muíños polos eléctricos, conlevou o abandono e desaparición dun elemento fundamental na Galicia rural ao longo de moitos séculos. Da importancia que tiveron os muíños na vida cotiá, o noso folclore deixounos multitude de exemplos en forma de cantigas:



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



*“Unha noite no muiño,
unha noite non é nada
unha semaniña enteira,
esa si que é muiñada.
Deus cho pague churrusqueira,
téñocho que agradecer,
cando vou ao teu muiño
sempre me deixas moer.”*

Tras deixar á nosa esquerda este conxunto de muiños e a igrexa de San Adrián de Toba, tomaremos camiño cara o lugar de Vilar. Da igrexa de Toba podemos comentar que é un templo orixinariamente románico construído no s. XII, do que na actualidade só conserva deste estilo arquitectónico o presbiterio e o arco triunfal de entrada que ten unha decoración que lembra á maneira de traballar do taller de Platerías da Catedral de Santiago. Tanto a nave como as capelas do Cristo e Nosa Señora do Rosario son resultado de reformas posteriores xa nos séculos da Idade Moderna. Conta con nave de pranta de cruz latina e cuberta a dúas augas. A fachada, na que sobresaia a torre campanario, ten unha porta de luz rectangular, unha fiestra e está rematada por un acroterio cruciforme.

Xa en Vilar, lembravos que este lugar foi atacado tamén polas tropas napoleónicas que nestes camiños deixarían o seu rastro de terror con varios veciños mortos incluíndo tamén ó cura párroco de San Adrián. Tamén, como curiosidade, comentarvos que este lugar chamouse orixinariamente Vilar de Armental. Así aparece no testamento feito no ano 1262, á morte de D. Juan Mariño, soldado pertencente á unha das familias nobiliarias máis importantes nas terras de Soneira e Nemancos. Nel hai unha doazón de varios lugares ó mosteiro de Moraime co obxecto de que o seu corpo fose enterrado na súa igrexa, lugar sobranceiro na época medieval e co que tanto a familia dos Mariño,



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



primeiro, como a dos Traba, despois, tiveron unha especial relación, aínda que esta non fose sempre do agrado dos monxes.

Os nosos pasos dirixense cara as ruínas da *Casa do Camiño*, emblemática casa de labranza que pertenceu na Idade Moderna ó arcediogo de Santa Tasia e posteriormente á familia dun dos veciños máis poderosos de Cee, D. Juan Bautista de las Riberas para pasar por herdanza ó Marquesado de Villaverde de Limia. Despois de Bedán e Chafaris dirixímonos cara ó lugar de Bermún, famoso pola súa antiga feira e tamén por ser escollido para formar ás milicias de campesiños que debían defender as vilas de Cee e Corcubión das tropas francesas en 1809.

Pasaremos moi preto da igrexa de Pereiriña, do século XVI pero reformada nos séculos XVIII e XIX. Situada nun promontorio natural que domina o val, esta igrexa ten unha planta de cruz latina cunha capela maior de planta cadrada e unha gran nave. O retablo maior, neoclásico, está formado por tres panos verticais; o central, de máis anchura, presenta un expositor coa imaxe do santo titular, san Xiao. As capelas da nave do cruceiro son no lado sur a dedicada ó Santo Cristo e a do lado norte a san Antonio. No exterior, destaca a presenza de contrafortes na esquina do muro testeiro. A fachada segue un esquema pentagonal e está construída con grandes perpiaños graníticos. A porta, alintelada e de luz vertical, está flanqueada por dúas enormes pilastras que soportan un friso decorado con acroterios rematados en bóla, sendo notable o influxo das grandes construcións compostelanas. A torre de estilo ecléctico, do século XIX, coroa esta fachada.

Un pouco antes de chegar á igrexa, afrontaremos a última parte do noso roteiro desviándonos cara o cruceiro de Cantorna, do século XVII, cun pedestal cuadrangular adicado á Paixón de Cristo e no que atopamos os símbolos da morte: caveiras e tibias. na cruz temos a Cristo crucificado con tres cravos e a cabeza ergueita. No reverso da cruz



CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



podemos contemplar unha imaxe da Inmaculada coroada sobre unha peana sostida por un anxo.

Desde aquí, e tras pasar o lugar de Pereira, iremos abandonando as terras de Pereiriña para adentrarnos nas de Lires. Pasaremos polo lugar de Porcar para continuar xa en contínúa baixada cara o lugar de Lires, no que entraremos pola antiga escola unitaria para rematar no campo *Riba das Eiras*, lugar de celebración para os veciños onde este ano remata este roteiro.

Desde aquí, podemos baixar polas estreitas rúas cara a desembocadura do río Castro para contemplar a beleza da ría e o océano Atlántico e, por suposto, adicarlle uns minutos á igrexa de San Estevo que conta cunha soa nave e unha capela maior que se cobre con bóveda de canón. Este templo contaba con dúas entradas, unha no muro sur e outra na fachada que é a que se conserva actualmente. Seguindo o esquema compositivo máis habitual, a fachada está dominada por un eixo vertical no que se superpoñen a porta principal, a fiestra e a espadana. Todo o conxunto remata nun frontón partido con aleiros e acroterios típicos do estilo barroco. Do interior do templo salientamos a imaxe de San Estevo de gran frontalidade e planitude, que representa ó santo coa palma do martirio nunha man e o libro dos Evanxeos na outra, realizada por un artista afeito a traballar relevos seguindo o estilo neoclásico.

Víctor Manuel Castiñeira Castro

Historiador e Técnico de Cultura do Concello Cee




CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



ORTOFOTO



Consultar o track da andaina neste enlace:

<https://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=16458732>




CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



MAPA 1:25000





CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



PERFIL



INFORMACIÓN PARA OS AUTOBUSES

PUNTO DE SAÍDA: os autobuses deberán deixar aos participantes no Paseo do Alcalde Don Pepe Sánchez.





CONCELLO DE CEE

(A Coruña)



PUNTO DE CHEGADA: os buses deberán recoller aos participantes no campo da festa de Lires, á altura da Pensión Rural As Eiras.



Se algunha persoa está interesada en ter o track da andaina en formato .GPX ou .TRK só terá que porse en contacto no correo-e deportes@concellocee.es